

CONCRECIÓN DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN APLICABLES POLO TRIBUNAL.

3.2.1. Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar. Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Tal como establece a disposición complementaria oitava da orde da convocatoria deste procedemento, non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión nin as que sexan editadas pola persoa autora.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Seguindo os criterios utilizados no CXT, con carácter xeral, valoraranse unicamente aqueles exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Igualmente, asignarase a seguinte puntuación aos méritos baremables por esta epígrafe:

Recensións e colaboracións en revistas, libros, etc., así como a impresión de folletos, programas, etc.:

1 autor ou colaborador	0,01
2 autores ou colaboradores	0,005
Máis de 2 autores ou colaboradores	0,0025

Tradución dunha revista:

Autor	0,04
2 autores	0,02
Máis de 2 autores	0,01

Tradución ou ilustración dun libro:

1 tradutor ou ilustrador	0,2
2 tradutores ou ilustradores	0,1
3 tradutores ou ilustradores	0,07
4 tradutores ou ilustradores	0,05
5 tradutores ou ilustradores	0,04
Máis de 5 de tradutores	0,02

Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):

Autor	0,08
2 autores	0,04
3 ou máis autores	0,02

Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):

Autor	0,4
2 autores	0,2
3 autores	0,16
4 autores	0,12
5 autores	0,08
Máis de 5 autores	0,04

3.2.4. Por premios artísticos en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional de recoñecido prestixio a xuízo do tribunal.

* Por premios en concursos ou en certames literarios de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta subepígrafe:

Premios	1º	2º	3º	Accésit
Puntuación	0,2	0,1	0,05	0,025

*Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames artísticos:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta subepígrafe:

Premios	1º	2º	3º	Accésit
Internacionais	0,3	0,2	0,1	0,05
Nacionais	0,2	0,1	0,05	0,025
Autonómicos	0,1	0,05	0,025	0,0125